



**EXTRACTO SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 30 de xaneiro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 30 de xaneiro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 23/01/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/317

Dáse conta do anuncio do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente Servicio Provincial de Costas de Pontevedra comunicando a apertura de prazo para presentación de solicitudes de autorizacións para servizos de tempada de praia (instalacións expendedoras de bebidas, hidropedales, hamacas, terrazas etc). A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Costas que o Concello non asume a xestión de ditos servizos, e que, ao igual que se fixo en anos anteriores, as persoas interesadas na explotación dos servizos deben presentar as correspondentes solicitudes no Concello de Vilagarcía de Arousa ata o día 31 de marzo de 2017.

PRP2017/318

Dáse conta da publicación no Boletín Oficial do Estado de Orde HGP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/319

Dáse conta de publicación de Resolución de 27 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se establece, a efectos de cómputos de prazos, o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2017. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/375

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.** para o subministro de tres



cadeiras modelo TNK 500, para a súa reposición nos Departamentos de Actas e Normalización Lingüística (2) e na Xerencia de Urbanismo (1), por un importe total de 1.640,76 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2016/4118

Dáse conta do convenio asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos Servizos Sociais Municipais.

A Xunta de Goberno Local acorda a adhesión do concello ao citado Convenio, con aceptación de todas e cada unha das cláusulas, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para entidades locais.

Emprego

PRP2017/417

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2017, que neste Concello son realizadas pola Técnica Dona Alicia María López.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/364

Dáse conta da convocatoria de axudas para actuacións a desenvolver polos gobernos locais asociados á FEMP dirixidas a facilitar a posta en marcha de accións para fomentar a transversalidade de xénero nos plans locais e a conciliación e a corresponsabilidade de mulleres e homes na vida persoal, familiar e profesional no ámbito local.

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto “Unha Vilagarcía conciliadora é cousa de tod@s” para a participación na convocatoria, cun orzamento total de 21.875,00 €, desagregado do seguinte xeito:

- GASTOS EN CALIDADE DE ENTIDADE MENTORA:

- Gastos aloxamento/apoio outras entidades: - 530,00 €
- Gastos mantención/apoio outras entidades: - 300,00 €
- Gastos viaxes: -1000,00 €

- GASTOS DO PROXECTO:

- Gastos de subministros en material consumible: -500,00 €
- Gastos de difusión: -500,00 €
- Persoal contratado especificamente: -19045,00

TOTAL: 21.875,00 €.

2.- Aprobar a aportación municipal, por importe de 4.375,00 €.



3.- Aceptar as bases da convocatoria, nas que se detalla especificamente como requisito imprescindible que as entidades beneficiarias deberán dispoñer dunha conta bancaria aberta exclusivamente para os ingresos e pagos realizados con cargo á axuda recibida, na que será aboada o total desta axuda, de selo caso.

PRP2017/365

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da organización dunha excursión a Asturias do 1 ao 4 de abril, sen custe para o Concello, realizando a mesma **Empresa Pereira, S.L.**, cun prezo para as/os excursionistas de 165,00 € cada un, para un mínimo de 45 persoas (suplemento de 45,00 € por habitación individual).

PRP2017/374

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Alberto Fandiño Mariño** para o reparto de carteis e bases do Premio pola Igualdade, por un importe total de 270,00 €, con cargo á partida 2312.22615. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/368

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Francisco González Alonso e/n **Clece, S.A.** comunicando ó concello a intención de subcontratar á empresa Integra MXSI CEE Galicia S.L., a parte correspondente ao servizo de limpeza específica da 3ª planta e departamento de arquitectura da casa do concello.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2016, acordou prorrogar á empresa CLECE, S.A. a prestación do servizo de limpeza ata o 28 de febreiro de 2017.

E o artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (R.D.L. 3/2011 de 14 de novembro), autoriza a subcontratación agá cando se deduza que o contrato ten que ser executado directamente polo adxudicatario e ademais se xustifique os elementos técnicos e humanos de que dispón a subcontratista e a súa experiencia.

A Xunta de Goberno Local acorda non prestar a súa conformidade á subcontratación comunicada en base ao informe desfavorable emitido pola Secretaria, xa que o contrato de limpeza de edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa ten que ser executado directamente pola empresa CLECE, S.A. e ademais non se xustifican os elementos técnicos, humanos e a experiencia da empresa subcontratada.

PRP2017/370

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais, en relación co modelo de contrato de mantemento das instalacións asociadas ó novo centro de transformación sobre poste de formigón nas inmediacións da canceira municipal, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á substitución da Cláusula 4ª do mesmo, quedando redactada do seguinte xeito:

4ª.- Para realización dos traballos descritos no punto anterior, será necesario que Industrial Eléctrica de Galicia, S.L., presente ante o Concello de Vilagarcía de Arousa un orzamento no que se detallen, a prezos de mercado, os custes dos materiais a empregar e a man de obra necesaria para realizar os traballos, acompañada do informe xustificativo da necesidade de acometer os mesmos, asinado por técnico competente. Os traballos non poderán dar comezo ata que o Concello de Vilagarcía de Arousa aprobe dito orzamento. (partida 165.22799)



Dar conta do presente acordo á Empresa **Industrial Eléctrica de Galicia, S.L. (INELGA)** coa finalidade de subscribir o correspondente contrato coa redacción citada da cláusula 4ª.

PRP2017/371

Por Resolución da Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 11 de maio de 2016 e con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 concedeuse, ao Concello de Vilagarcía de Arousa, unha subvención por importe de 16.028,53€ con destino ao “Subministro e instalación dun sistema de megafonía para o Salón de Plenos”.

Tramitada expediente de contratación, mediante contrato menor por razón da contía, remitíronse invitacións ás empresas: Digamel Arosa, S.L., Musical Duende, Ambiser Innovaciones, S.L.; Electrónica Hertz e Industrial Eléctrica de Galicia, S.L., presentáronse as seguintes ofertas:

LICITADOR	OFERTA TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (IVE engadido)
<u>AMBISER</u>	<ol style="list-style-type: none">1. Sistema de megafonía<ul style="list-style-type: none">- Unidad Central Digital (DISS-CCU-E)- 23 unidades micrófono Shure DC5980P+flexo (incluye cables de conexionado)2. Sistema de amplificación de sonido en sala<ul style="list-style-type: none">- 2 altavoces Bose FreeSpace DS 100 SE- 1 amplificador (JBL CSA1120Z)3. Sistema inalámbrico para el público<ul style="list-style-type: none">- 1 sistema inalámbrico dual de mano vocal, con receptor inalámbrico analógico dual y dos micro inalámbricos4. Equipos para sala de prensa<ul style="list-style-type: none">- Distribuidor de aula línea/auriculares- 10 adaptadores conversor de XLR a jack hembra, que permite conectar por Jack dispositivos al distribuidor.5. Pantalla de tiempos<ul style="list-style-type: none">- 1 Televisor led sony KDL40R550 de 40' para control de tiempo y presentaciones- Soporte para tv le de 40'- Cables de conexión a TV6. Instalación y almacenamiento de componentes<ul style="list-style-type: none">- Sistema de almacenaje (Rack de 19" de 9U)	15.427,50€
<u>INELGA</u>	<ol style="list-style-type: none">1. Sistema de debate e votación<ul style="list-style-type: none">- 1 debate presidencial mod. OPTIMUS TS-911- 22 debate delegado mod. OPTIMUS TS-912- 23 MICRO 512 mm para TS801/TS802- 1 Centro de control mod. OPTIMUS TS-910- 1 expansor para unidades cableadas mod. OPTIMUS TS-918- 24 elementos de conexión mod OPTIMUS TS919-BI2. Software.<ul style="list-style-type: none">- 1 ud. De software de sitema mod W-1153. Amplificadores y cajas acústicas<ul style="list-style-type: none">- 1 amplificador OPTIMUS 120 W mod. AXD-120- 2 cajas OPTIMUS DE 40 w MD. BS40BA4. Equipos para distribuidor de mesa<ul style="list-style-type: none">- 2 ud. Distribuidor 2 entradas/8 salidas reversible MX-	29.156,20€



	882 5. Microfonía inalámbrica - 1 receptor diversity 2 canales - 2 micro emisores de man 16 frecuencias UHF 6. Armario Rack megafonía - 1 armario Rack 18 U. 19" 600*800 - 1 ud. Módulo maniobra 2 u. 7. Monitor - 1 Monitor Philips o Panasonic 40" - 1 Brazo de soporte orientable 8. Cableado - 25 ud. Conexión RJ45 (3 mts) - 2 ud. Conexión RJ45 (30 mts.)	
<u>DUENDE</u>	- 1 Ud. Central DIC – CCU-E - 23 pupitre sobremesa - 23 micrófono 50 cms. - 25 conexión RJ45 3 m s/HALOG. - 2 conexión RJ45 30 m - 1 Dist señal audio - 10 base línea auricular - 2 distribuidor auriculares - 1 Monitor 40" - 1 soporte pared inclinable - 1 extensor VGA	16.007,48€
<u>ELECTRÓNICA</u> <u>HERTZ</u>	- 1 Ud. Central CCU-E - 23 pupitre sobremesa - 23 micrófono 50 cm - 22 conexión RJ45 3m. s/HALOG - 2 conexión RJ45 10 mts. - 1 Distribuidor de señal de audio - 10 base línea auricular - 2 distribuidor auricular - 1 monitor 40" VGA HDMI - 1 Soporte de pared	16.015,57€

Con data 5 de decembro de 2016, emítase informe polo Enxeñeiro Informático no que conclúe que a mellor oferta é a presentada pola empresa Ambiser Innovaciones, S.L., por ser máis completa, presentar máis dispositivos a maiores e ser a máis económica.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o subministro e instalación dun sistema de megafonía para o salón de plenos, a **Ambiser Innovaciones, S.L. (B85355071)**, por importe de 12.750,00€ ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.677,50€ o que totaliza un orzamento de adxudicación de 15.427,50€ (IVE engadido) e de acordo coa súa oferta.

PRP2017/372

Por Resolución da Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 17 de xuño de 2016 e con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 concedeuse, ao Concello de Vilagarcía de Arousa, unha subvención por importe de 26.633,31€ con destino ao "Subministro e instalación de ferramenta de grabación e postminutaxe das sesión do Pleno da Corporación".

Por Providencia da Alcaldía de 2 de setembro de 2016, iniciouse expediente de contratación e que o mesmo se tramitase polo procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada.



Por Resolución da Alcaldía de 21 de setembro de 2016, aprobouse o expediente de contratación, os pregos que rexen a licitación, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación mediante a invitación ás seguintes empresas especializadas: Ambiser Innovaciones, S.L.; Spica, S.L. e Easyway Servicios Internet, S.L.

Dentro do prazo concedido presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Prezo (sen IVE)	Prezo (IVE engadido)	Melloras ofertadas
Ambiser Innovaciones, S.L.	22.010,00€	26.632,10€	Non oferta melloras
Spica, S.L.	19.950,00€	24.139.50€	- 1 ano de garantía a maiores do esixido nos pregos. - 40 horas de formación a maiores das esixidas nos pregos.

De acordo co establecido nos pregos que rexen a licitación abrése una rolda de negociación cos licitadores Ambiser Innovaciones,S.L. e Spica, S.L., durante a cal só presentou oferta mellorada a entidade Ambiser Innovaciones, S.L.:

Licitador	Prezo (sen IVE)	Prezo (IVE engadido)	Melloras ofertadas
Ambiser Innovaciones, S.L. (oferta mellorada)	22.010,00€	26.632,10€	- 1 ano de garantía a maiores do esixido nos pregos. - 40 horas de formación a maiores das esixidas nos pregos.

Polo que as **ofertas definitivas** son as seguintes:

Licitador	Prezo (sen IVE)	Prezo (IVE engadido)	Melloras ofertadas
Ambiser Innovaciones, S.L. (oferta mellorada)	22.010,00€	26.632,10€	- 1 ano de garantía a maiores do esixido nos pregos. - 40 horas de formación a maiores das esixidas nos pregos.
Spica, S.L.	19.950,00€	24.139.50€	- 1 ano de garantía a maiores do esixido nos pregos. - 40 horas de formación a maiores das esixidas nos pregos.

O Enxeñeiro Informático emite informe sobre as ofertas presentadas, propoñendo as seguintes puntuacións:

Licitador	PUNTUACION						Total puntos
	Prezo	Melloras		Oferta técnica			
		Anos Garantía	Horas formación	Solución hardware software	Plan formación	Plan instalación	
Ambiser Innovaciones, S.L	0	10	15	15	15	10	65
Spica, S.L.	10	10	15	8	5	2	50

Á vista da puntuación obtida polas ofertas unha vez aplicados os criterios de adxudicación contemplados no Anexo VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello é a presentada por AMBISER INNOVACIONES, S.L., que oferta un prezo de 22.010,00 € , ó que corresponde un IVE de 4.622,10 € , o que totaliza un importe de 26.632,10€ (IVE engadido), coas melloras



recollidas na súa oferta: 1 ano de garantía a maiores do esixido nos pregos e 40 horas de formación a maiores das esixidas nos pregos

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o subministro e instalación dun sistema de megafonía para o salón de plenos, a **Ambiser Innovaciones, S.L. (B85355071)**, por importe de 22.010,00 € , ó que corresponde un IVE de 4.622,10 € , o que totaliza un importe de 26.632,10€ (IVE engadido), coas melloras recollidas na súa oferta: 1 ano de garantía a maiores do esixido nos pregos e 40 horas de formación a maiores das esixidas nos pregos.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/416

Dáse conta do informe da Intervención Municipal relativo ao cumprimento da obriga de remisión do Período Medio de Pago (PMP) correspondente ao 4º trimestre de 2016 do Concello de Vilagarcía de Arousa e Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, que no cómputo de ambos ascende a 28,09 días.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.